Criterios de avaliación

1er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, elección de tempo, fraseo, control do son.
- O alumnado interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

2º trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo etc.
- O alumnado interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

3er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, uso do pedal, tempo e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo. calidade do son...
- O alumnado interpretará de memoria como mínimo 1 obra.
- Será imprescindible que o alumnado toque polo menos unha vez en público durante o curso.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, cada docente poderá utilizar o material didáctico que mellor se adapte ao nivel e as características do alumnado.

Lista de obras orientativa do nivel esixido (*poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade*):

Obras didácticas:

- Estudos Op. 740 e 365, Czerny.
- Gradus ad Parnassum, Clementi.
- Moszkowski
- Cramer
- Mendelssohn
- Chopin

Obras barrocas:

- Clave ben temperado, J.S. Bach.
- Toccatas, J.S. Bach
- Suites, J.S. Bach

Obras clásicas:

- Sonatas y variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas:

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, Groba etc.

6º Curso

Obxectivos

- Perfeccionar todos os tipos de ataques.
- Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, regularidade no estudo.
- Perfeccionar os estudos dos pedais en todos os períodos.
- Incrementar o adestramento da memoria.
- Profundar nas audicións críticas.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de polgar: escalas e arpejos. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso do pulso, antebrazo e brazo: execución de acordes. Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.
- Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Práctica de arpejos. en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Perfeccionamento de todos os tipos de ataques.
- Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenrolo da autocrítica,

autonomía no estudo e control auditivo.

- Consolidación dun nivel de madurez técnico e musical que permita abordar estudos de grao superior.
- Incremento do adestramento da memoria.
- Afondamento das audicións críticas.
- Participación en audicións públicas.

Criterios de avaliación

1er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo.
- O alumnado interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

2º trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar os obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo etc.

- O alumnado interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

3er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, e no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar as obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedal, fraseo, tempo, calidade do son...
- O alumado interpretará de memoria como mínimo 1 obra.
- Será imprescindible que o alumnado toque polo menos unha vez en público durante o curso.
- Demostrar autonomía no emprego dos recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo e a época.
- Afrontar un recital como solista.
- Ser capaz de efectuar unha autocrítica madura do propio rendemento interpretativo en función do esforzo realizado e do estudo.
- Prepararse para facer unha posible proba de acceso ao Grao Superior.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, cada docente poderá utilizar o material didáctico que mellor se adapte ao nivel e as características do alumnado.

Lista de obras orientativa do nivel esixido (*poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade*):

Obras didácticas:

- Estudos de virtuosismo e estudos para a man esquerda, Moszkowsky opus 72, Macdowell, opus39

- Estudos Op.740 e 365, Czerny, Cramer, Kullak...
- Estudos de Mendelssohn, Chopin, Liszt (de concerto)
- Gradus ad Parnassum, Clementi.
- Douze études Debussy, Scriabin opus8, Rachmaninoff opus33, Casella opus 70

Obras barrocas:

- Clave ben temperado, ou Suites, Toccatas, partitas de J.S. Bach.
- Suites, Haendel.

Obras clásicas:

- Sonatas y variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas:

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, Groba, Bartok etc.

7. Avaliación para tódolos cursos

7.1 Procedementos

O alumnado do departamento de Tecla será avaliado da seguinte maneira:

Avaliación Inicial: o alumno interpretará unha obra ou fragmento musical para determinar o seu grao de destreza. Paralelamente faráselle unha entrevista para coñecer o seu nivel de comprensión dos aspectos teóricos e de cultura musical.

Avaliación Procesual: o profesor realizará un seguimento contínuo da evolución do alumno, a través das actividades, probas e/o controis que considere adecuados en cada caso.

Avaliación Final: teranse en conta todas as observacións tomadas ao longo do curso e a evolución persoal do alumno.

7.2 Criterios de cualificación

Nos diferentes procedementos de avaliación serán aplicados os seguintes criterios:

- **Criterios técnicos: 40%** (Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno).

- **Criterios estéticos: 40%** (Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos,

calidade do son en relación co estilo, sentido do fraseo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación).

- **Criterios actitudinais: 10%** (Hábito de traballo, seguimento e asimilación das explicacións do profesor, constancia, interese, implicación, preparación responsable ante ou acto de tocar).

- **Criterios de interpretación en público: 10%** (Interpretación e coñecemento da práctica instrumental en público atendendo aos requerimentos do control escénico)

7.3 Contidos mínimos

Para a obtención da cualificación positiva mínima (5) o alumnado deberá cumprir cos seguintes requisitos:

7.3.1 Curso 1º GE:

- O alumnado tocará de memoria como mínimo 2 obras. O número total de obras do programa será determinadas pola persoa docente.
- O alumnado tocará polo menos unha vez en público durante o curso, sempre coa autorización previa de cada docente, actividade que forma parte do proceso de avaliación.

7.3.2 Curso 2º GE:

- O alumnado aprenderá, polo menos, 10 obras, e dúas delas de memoria.
- O alumnado tocará polo menos unha vez en público durante o curso, sempre coa autorización previa da persoa docente, actividade que forma parte do proceso de avaliación.

7.3.3 Cursos 3º GE a 6º GP:

1. **Interpretar** un programa composto por 1 estudo, 1 obra barroca, 1 obra clásica, 1 obra romántica e 1 obra moderna, ademais de traballar os exercicios, escalas e arpejos que a persoa titora considere máis adecuados para o seu desenvolvemento técnico. *No que se refire á temporalización do repertorio traballado, cada docente a distribuirá, ó longo do curso académico, tendo en conta a gran variedade de obras existentes dentro da literatura pianística en canto esixencias musicais, técnicas e de duración, adaptándoas ó ritmo de aprendizaxe de cada discente, o que quedará reflectido no seguimento individualizado que a persoa titora fai de cadaquén (libro do profesorado).*

2. **Interpretar** de memoria o seguinte número de obras do programa: 2 en 3º e 4º de Elemental e 3 dende 1º a 6º de profesional. Aceptarase o estudo como obra a memorizar e tamén un dos movementos da Sonatina/Sonata.
3. Participar, polo menos, nunha audición durante o curso, interpretando unha peza, ou escolleita, do repertorio traballado, sempre coa autorización previa da persoa docente, actividade que forma parte do proceso de avaliación. Corresponde a cada docente estimar o momento no que cada discente estea preparado para interpretar música en público.
4. Alumnado de 6º GP: o alumnado ofrecerá un recital de memoria, de media hora de duración, no que interpretará polo menos 3 obras do repertorio do curso. Se algunha das obras a interpretar constara de varios movementos, poderase tocar só un deles sempre que se cumpra coa duración de 30 minutos.
5. **Cómpre aclarar que “interpretar” música ao piano, require chegar á síntese dunha diversidade de facetas, que inclúen:**
 - a) **o desenvolvemento das destrezas técnicas necesarias para a correcta execución de cada obra**
 - b) **autocontrol e compostura ante o acto de tocar**
 - c) **amosar expresividade e capacidade comunicativa e, finalmente**
 - d) **o coñecemento das convencións interpretativas propias de cada estilo, xénero, e mesmo, compositor ou compositora.**
 - e) **En definitiva, a interpretación pianística vai máis aló que unha mera lectura superficial do repertorio asignado, e precisa cultivar a constancia (hábitos de práctica diaria e meticulosa, sostidos ó longo de semanas e meses).**
6. Segundo o grao de consecución dos apartados 1 a 3 (1 a 4 para 6ºGP) conforme ao descrito no apartado 5 sobre a interpretación e atendendo aos criterios de cualificación (Punto 7.2) o alumnado acadará unha cualificación numérica de 0 a 10. Ademais, o departamento establece que valorará positivamente no alumnado que se incrementen os puntos 1 a 3 (é dicir que se traballe máis repertorio do enumerado, que se memorice maior parte do programa e que participe en máis audicións).

7.4 Medidas de recuperación

7.4.1 Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. A persoa docente fixará unha data para facer ou exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado. Se non se lles puidera aplicar os criterios actitudinais ou de interpretación en público, estas porcentaxes pasarán aos dous primeiros criterios. Ou alumnado que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias.

7.4.2 Proba extraordinaria

A proba extraordinaria consistirá no seguinte:

- O alumnado deberá interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.
- Os criterios de avaliación e a súa cuantificación son os seguintes: criterios técnicos 50% e criterios estéticos 50%.

7.4.3 Medidas de recuperación para a materia pendente

O alumnado que teña a materia de piano do curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

7.5 Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de Tecla, os profesores titores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

7.6 Atención á diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no

Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa das familias, por vocación, como actividade de lecer, por inercia dun grupo de persoas amigas, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades do alumnado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesorado poderá aplicar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
2. Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada discente.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesorado fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumnado de maneira individual.

A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación.

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o equipo docente revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cadaquén: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

O profesorado informará ao alumnado e as súas familias do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter

unha visión global do desenvolvemento de cada discente.

9. Procedementos para a avaliación interna do departamento.

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Comentásense regularmente as audicións realizadas polo alumnado, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que o grupo docente estime necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental do alumnado.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado (pianos de cola en número suficiente e aulas con dous pianos), mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de docentes axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte do profesorado etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita a profesorado e alumnado levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica. Desta banda a avaliación incluírá no so o análise dos resultados, e da consecución dos obxectivos programados, si non tamén o análise do grao de compromiso, implicación e diálogo co equipo docente, co grupo responsable do centro en xeral e de a administración en particular, no proceso educativo do alumnado deste departamento.

10. ANEXOS

10.1 Probas de acceso

2º de Grao elemental. Acceso

- A persoas aspirantes deberán interpretar dous obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- Realización de unha proba de lectura a primeira vista, proposta polo tribunal correspondendo ao 10% da cualificación da proba instrumental.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha **proba de linguaxe musical**, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo)

- O piano, Tchokov-Gemiu.
- Cadernos de Adriana, García Abril.
- Cantos de España, Nömar.
- Sete Xoguetes, Groba.
- 15 pezas Infantís, Durán.
- Meu primeiro libro de piano, Lemoine.
- Estudos Op.599, Czerny.
- Os cinco dedos, Czerny.
- Mkrokosmos Vol.1, a partir do nº 17, Bartok.
- Album da mocidade, Schumann.
- Álbum pour les Tout Petits, Bonis.
- Metodo para piano, Bastien.

- Pequenos canons, Pozzoli.

Estrutura da proba de lectura a vista.

- Un fragmento en posición de cinco dedos (fixa), en teclas brancas. Textura a dúas partes, sinxela, por movemento contrario e/ou paralelo.
- 4 a 8 compases de duración (en 2/4, 4/4 ou binario).
- Figuración en negras, brancas e redondas.
- Dinámicas F e P.
- Articulación legato, non legato e Staccato.

Criterios de avaliación.

- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade, dominio técnico das dificultades técnicas, correcta posición ante o piano e control da situación, atendendo a calidade do son.
- Na proba de lectura a vista valorarase:
 - A persoa aspirante adopta unha postura e posición correcta das mans durante o exercicio.
 - Se evidencia un coñecemento da topografía do teclado, e dicir, a seguridade ou confianza con que a persoa aspirante coloca as mans nas teclas.
 - A lectura das notas e os valores rítmicos son correctos.
 - En calquera caso, por tratarse dun exercicio de lectura a vista, se dará tempo á persoa aspirante para que observe e analice o fragmento, pero sen ensaio.

3º de Grao elemental. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar dous obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- Realización de unha proba de lectura a primeira vista, proposta polo



tribunal correspondendo ao 10% da cualificación da proba instrumental.

- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha **proba de linguaxe musical**, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo)

- Ana Magdalena Bach.
- Estudos Op. 150, Kohler.
- Estudos Op. 151, Kohler
- For Children, Bartok.
- Estudos, Burgmuller.
- Pezas infantís, Durán.
- Sete Xoguetes, Groba.
- Metodo Ruso, Nikolaiev.
- O piano, Tchovov-Gemiu.
- Album da mocidade, Schumann.
- Álbum pour les Tout Petits, Bonis.
- Sonatinas de Diabelli, Clementi, Beethoven etc.
- Pezas para nenos, Kabalevski.

Estrutura da proba de lectura a vista.

- Un fragmento sinxelo no ámbito de posición de cinco dedos, con posible cambio de posición da man da melodía.
- Acompañamento da man esquerda, por exemplo con baixo de Alberti, ou con acordes sinxelos.
- Introducción de algunha alteración accidental.



- 8 compases de duración, aproximadamente. Figuración inclúe a corchea, branca con punto, negra con punto. Compases binarios e ternarios de subdivisión binaria.
- Dinámicas F, mf, P, pp

Criterios de avaliación.

- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade, dominio técnico das dificultades técnicas, correcta posición ante o piano, control da situación, atendendo a calidade do son.
- Na proba de lectura a vista valorarase:
 - A persoa aspirante adopta unha postura e posición correcta das mans durante o exercicio.
 - Se evidencia un coñecemento da topografía do teclado, e dicir, a seguridade ou confianza con que a persoa aspirante coloca as mans nas teclas.
 - A lectura das notas e os valores rítmicos son correctos.
 - En calquera caso, por tratarse dun exercicio de lectura a vista, se dará tempo á persoa aspirante para que observe e analice o fragmento, pero sen ensaio.

4º de Grao elemental. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar dous obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- Realización de unha proba de lectura a primeira vista, proposta polo tribunal correspondendo ao 10% da cualificación da proba instrumental.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou



documento acreditativo.

- Recórdase a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha **proba de linguaxe musical**, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras. (Aceptárase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras didácticas:

- Estudos op. 100, Burgmuller.
- Estudos Op. 849, Czerny.
- Estudos Op.100, Bertini.
- Estudos Op. 37, Lemoine.

Obras barrocas:

- Pequenos preludos, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatinas de Beethoven, Diabelli, Clementi, etc.

Obras Románticas:

- Álbum de nenos, Tchaikowsky.
- Album da mocidade, Schumann
- Valses, Schubert.

Obras modernas:

- Pezas infantís; Shostakovich.
- Álbum pour les Tout Petits, Bonis.
- Pezas infantís, Prokofiev.
- Pezas infantís, Casella.
- 5 dedos, Stravinsky.

Estrutura da proba de lectura a vista.

- Un fragmento de 8 a 16 compases de duración.
- Compases binarios e ternarios, de subdivisión binaria, ou compás de 6/8.
- Figuración ata semicorcheas.



- A melodía e as harmonías, poderán conter algunha alteración accidental. Armaduras de clave de ata dúas alteracións.
- Articulacións contrastantes entre ambas mans, acentos, sfz., crescendos e diminuendo, fermata, etc.
- A melodía poderá exceder o ámbito dos cinco dedos e requirir o pase do polgar baixo terceiro dedo.
- Poderá incluír cambios de posición, e mesmo rexistro, en calquera das mans.

Criterios de avaliación.

- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade, dominio técnico das dificultades técnicas, correcta posición ante o piano, atendendo a calidade do son.
- Na proba de lectura a vista valorarase:
 - A persoa aspirante adopta unha postura e posición correcta das mans durante o exercicio.
 - Se evidencia un coñecemento da topografía do teclado, e dicir, a seguridade ou confianza con que a persoa aspirante coloca as mans nas teclas.
 - A lectura das notas e os valores rítmicos son correctos.
 - En calquera caso, por tratarse dun exercicio de lectura a vista, se dará tempo á persoa aspirante para que observe e analice o fragmento, pero sen ensaio.

1º de Grao profesional. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.



- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha **proba de linguaxe musical**, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obra barrocas:

- Invencións a dúas voces Bach.
- Pequenas fugas BWV 952, 953, 961, Bach
- Preludos con fuguetta BWV. 902, 902a 899, 900, 895, Bach

Obras clásicas:

- Sonatinas de Diabelli, Clementi, Beethoven, Mozart...
- Sonatas, Haydn.
- Valses, Beethoven.

Obras románticas:

- Álbum da mocidade, Schumann.
- Romanzas sen palabras, Mendelssohn.
- Pezas líricas, Grieg.

Obras modernas:

- Mikrokosmos vol 3 nº 69, Bartok. Mikrokosmos vol. 4 nº 97, Bartok.
- Álbum pour les Tout Petits, Bonis.
- Pezas infantís, Casella.
- For children, Bartok
- O pequeno negro, Debussy.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta e estable, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as

dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos:

Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de polgar: escalas e arpejos. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso do pulso, antebrazo e brazo: execución de acordes. Balance entre as mans.

- Mostrar un suficiente control da memoria.
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido. Control do ouvido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

2º de Grao profesional. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha proba teórico-práctica para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Invencións a dúas voces, Bach

Obras clásicas:

- Sonatina nº 1, Variacións, Sonatas, Escocesas de Beethoven.



- Sonatas, variacions, Rondos, Andantino KV. 236 de Mozart.
- Sonatas de Clementi.
- Sonatas de Haydn.

Obras románticas:

- Preludos de Chopin. (un).
- Mazurcas de Chopin.
- Pezas Op.72 de Mendelssohn.
- Romanzas sen palabras de Mendelssohn.
- Esceas de nenos Op. 15 de Schumann.

Obras modernas:

- Preludios Op. 34 de Shostakovich.
- Children`s Corner de Debussy.
- Follas de album de Albéniz.
- Danzas españolas de Granados.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos :

Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.

- Mostrar un suficiente control da memoria.
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade

do son.

3º de Grao profesional. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha proba teórico-práctica para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Invencións a dúas ou tres voces, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatas de Haydn.
- Sonatas, Variacións, Fantasía KV 397 de Mozart.
- Sonatas e Variacións de Beethoven
- Sonatas de Clementi.

Obras románticas:

- Mazurcas, Preludios, Nocturnos, Valses de Chopin.
- Momentos Musicais de Schubert.
- Romanzas sen palabras de Mendelssohn.

Obras modernas:

- Arabesca 1 de Debussy.
- Preludios de Debussy.



- Preludios Op.34 de Shostakovich.
- Danzas españolas de Granados.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos:

Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.

- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

4º de Grao profesional. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén



unha proba teórico-práctica para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Invención a tres voces ou Clave ben temperado, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatas, variacions de Mozart.
- Sonatas de Haydn.
- Sonatas, variacions de Beethoven.

Obras románticas:

- Valses, Nocturnos, Preludios de Chopin.
- Momentos Musicais de Schubert.
- Arabesca Op.18 de Schumann.

Obras modernas:

- Visions Fuxitivas de Prokofiev. (unha)
- Preludes de Debussy.
- Suite española de Albéniz.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar a dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos :

Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.

- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación



e fraseos adecuados ao seu contido.

- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

5º de Grao profesional. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha **proba teórico-práctica** para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Clave ben temperado de Bach.

Obras clásicas:

- Sonatas, Variacións de Mozart.
- Sonatas de Haydn.
- Sonatas, Variacións de Beethoven.

Obras románticas:

- Impromptus Op.90 e Op. 142 de Schubert.
- Nocturnos de Chopin.
- Escenas do Bosque Op.82 de Schumann.

Obras Modernas:

- Contos da Avoa Op.31 de Prokofiev.
- Preludes de Rachmaninov.
- Danzas Xitanas de Turina.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos :

Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.

- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

6º de Grao profesional. Acceso

- As persoas aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- A persoa aspirante achegará dous xogos de fotocopias das obras que presenta para o tribunal.
- A persoa aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou



documento acreditativo.

- Recórdase a todas as persoas aspirantes que deben realizar tamén unha **proba teórico-práctica** para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Clave bien temperado, Suites, Toccatas de Bach.
- Suites de Händel.

Obras clásicas:

- Sonatas, variacions de Mozart.
- Sonatas de Haydn.
- Sonatas, variacions de Beethoven.

Obras románticas:

- Polonesas, Impromptus de Chopin.
- Pezas do Op.76 de Brahms.
- Una das Rapsodias Op.79 de Brahms.
- Papillons Op.2 de Schumann.

Obras modernas:

- Preludes de Debussy.
- Sonatina de Bartok
- Momentos Musicales, Preludios de Rachmaninov.
- Cancions e danzas de Mompou.
- Barcarolas de Faure.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos :



Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.

- Mostrar un suficiente control da memoria.
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

10.2 Premio fin de grao

Para a realización da proba correspondente a especialidade de Piano, o alumnado candidato a premio fin de grao debe presentar un programa de, al menos, **20 minutos** de duración que será interpretado íntegramente de memoria. No caso de presentar obras en varios movementos, estas deberán interpretarse **completas**. (O Tribunal resérvase o dereito de escoitar o programa completo ou só unha parte, dependendo da súa duración).

Criterios de avaliación

- Para a concesión do premio fin de grao na especialidade de piano, deberase demostrar un sobresaínte grao no dominio técnico e musical no repertorio presentado, de acordo cos parámetros seguintes:
- Utilizar o esforzo muscular con control e adecuación ás esixencias técnicas do repertorio executado e axeitado para iniciar estudos superiores.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva refinada no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a tipos de ataques, utilización dos pedais e control dinámico, fraseo, con especial énfase na calidade do son.
- Interpretar o repertorio con fluidez, seguridade e autocontrol en relación



co uso da memoria.

- Resolver con autonomía e alto grao de virtuosismo os problemas técnicos que se presenten nas obras: independencia dos dedos, notas dobres, técnicas de pulso, brazo e antebrazo, xogo polifónico, técnicas do paso do polgar, etc.
- Demostrar criterios interpretativos persoais e orixinais, cun alto grao de madurez artística, en coherencia cos diferentes estilos interpretados, e con fidelidade ao texto e ás convencións interpretativas da época.
- Demostrar un notable grao de madurez para interpretar un repertorio pianístico como solista.
- Demostrar a capacidade real de realizar estudos de grao superior, e o talento para unha posible carreira musical como pianista profesional.